

PASADO, PRESENTE E FUTURO DO DEREITO CIVIL DE GALICIA*

JOSÉ RICARDO PARDO GATO

*Avogado. Secretario da Sección de Dereito Civil Galego.
Colexio de Avogados da Coruña*

"as palabras de Rosalía, de Castelao e de Celso Emilio Ferreiro resoan, aínda con vixencia, na dor dos compatriotas alén das nosas fronteiras e nun sono de redención das inxustas estruturas que atoan unha Galicia que olla para o século XXI"

(Liñas adicadas polo noso excelso Daniel García Ramos a salientar a traumática solución dos desherdados, coa diáspora da familia nos dramáticos vieiros da emigración; GARCÍA RAMOS, D.: "A compañía familiar galega na vixente Lei de dereito civil de Galicia", *Derecho Civil Gallego*, Consello Xeral do Poder Xudicial - Xunta de Galicia, páx. 221).

* O presente estudo correspóndese co texto que presentou o autor á revista a finais do verán de 2005 e que supuxo a aceptación inicial da súa publicación no número 47, coas correspondentes correccións e adaptacións no tempo. Porén, razóns de idoneidade temática cos artigos que se achegan no presente número levaron acertadamente ao Consello de Redacción a aprobar a súa edición no seu seo.

Neste contexto, e rematada a correspondente fase de corrección de probas, tivo lugar a aprobación da tan esperada Lei 2/2006, do 14 de xuño (*DOG* núm. 124, do 29 de xuño), norma legal que pola urxencia da presente publicación fáiame prematuro extraer do seu texto certas reflexións que o necesario rigor xurídico esixe, e sobre as cales, de certo, será obrigado profundizar no futuro inmediato.

Non obstante, sirva este inciso incorporado de advertencia ao respecto, sen prexuízo de entender que o traballo aquí exposto achega suficiente validez, non só polos antecedentes históricos expostos e a actualidade da nosa Lei procesal civil comentada, senón tamén polo elemento de comparativa e contraste que supón a xa anterior Lei 4/1995, do 24 de maio, con respecto á vixente Lei de dereito civil de Galicia.

ÍNDICE: I. UNHA OLLADA AO PASADO.- II. A DEMANDADA MODERNIZACIÓN DO DEREITO CIVIL GALEGO.- III. O DEREITO FORAL GALEGO REPRESENTADO NA LEI 4/1995, DO 24 DE MAIO. ESPECIAL REFERENCIA AOS PACTOS SUCESORIOS, ÁS FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO E AOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.- III.1. **Os pactos sucesorios.**- III.2. **As fundacións de interese galego.**- III.3. **Os montes veciñais en man común.**- IV. O RECURSO DE CASACIÓN EN MATERIA DE DEREITO CIVIL GALEGO.- IV.1. **Unha cuestión previa: o ámbito da competencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en materia de dereito civil especial.**- IV.2. **O recurso de casación civil.**- 1. *O novo enfoque achegado pola Lei de axuízamento civil.*- 2. *Regulación e requisitos.*- 3. *A atribución do recurso de casación fundado en normas de dereito civil foral ou especial aos tribunais superiores de xustiza.*- IV.3 **O recurso de casación civil galego: a primeira normativa autonómica da man da Lei 11/1993, do 15 de xullo.**- IV.4. **A sentenza do Tribunal Constitucional 47/2004, do 25 de marzo.**- 1. *O recurso de inconstitucionalidade 3141/1993 e a súa suspensión cautelar.*- 2. *A doutrina constitucional en materia de competencia procesual.*- 3.- *Breve análise dos preceptos impugnados.*- A) *Preceptos e disposicións inconstitucionais.*- B) *Preceptos e disposicións que se mantiveron vixentes.*- 5. *Votos particulares á sentenza.*- IV.5. **A aprobación da Lei 5/2005, do 25 de abril.**- IV.6. **A vixencia do recurso de casación civil galego.**- V. COA VISTA POSTA NO FUTURO.- BIBLIOGRAFÍA.

I. UNHA OLLADA AO PASADO

Como case todo na vida, para poder entender o presente e chegar a atisbar o futuro é necesario volver a vista ao pasado, ás orixes desencadeantes do que posteriormente aconteceu e do que, como consecuencia, xurdirá. Moito máis se falamos de dereito, e máis aínda se ese dereito é o dunha comunidade autónoma como Galicia, cun dereito civil propio, vivo, de natureza consuetudinaria e baseado no costume e nos usos propios, persistentes no tempo, e determinantes, precisamente, desa moi aludida orixe consuetudinaria da que naceu o noso dereito especial.

É por iso polo que, previamente a mergullármonos no seu presente e adiantar posibles suxestións de cara ao futuro, debemos coidarnos de lembrar que no marco do Estado español, e como unha consecuencia máis das vicisitudes históricas que durante séculos concorreron na súa formación, existe unha diversidade xurídica lexislativa, de orde civil, que provocou que algunhas comunidades autónomas (CCAA), entre as que indiscutiblemente se atopa Galicia, teñan asumidas competencias para lexislar sobre o dereito civil propio e diferenciado do chamado dereito común, cuxo máximo expoñente é o Código civil español, fronte á actual Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia (LDCG), polo que a nosa realidade xurídica se refire.

Tal é así que na afastada data do 24 de xuño de 1899, Alfredo BRAÑAS, o pai do Rexionalismo galego, salientara, entre as fórmulas autonómicas, e no contexto do seu Ma-

nifesto da Liga Gallega de Santiago, a importancia que supón a autonomía xurídica, ao precisar que "*el respeto a las instituciones jurídicas de carácter foral, tan tibiamente consagrado por el Código civil, es en España condición de toda obra legislativa, si ha de realizarse ésta en condiciones de viabilidad*"¹.

Esta autonomía xurídica facíase imprescindible tendo en conta o que tamén advertiu, entre outros ilustres galeguistas recoñecidos², o propio CASTELAO, quen, despois de sinalar a falta de dificultade de que os xuristas galegos seleccionaran nos códigos alleos ás modalidades máis admirables para compoñer unha codificación ideal do dereito en Galicia, engadía a continuación que, con todo, iso "*non tería efectividade sen estudar, primeiramente, as modalidades e principios do dereito galego non escrito, que o pobo coñece, respecta e practica como xusto*"³.

De feito, moito antes da entrada en vigor da LDCG, e sen esquecer a encomiable habilidade notarial para superar a discordancia existente entre o dereito vivido e o legalmente constituído, os tribunais de xustiza, pola súa parte, viñeron tamén a recoñecer e perfilar, coa autoridade que os caracteriza, os usos e costumes propios do noso dereito, outorgándolles a vixencia xudicial que a práctica diaria evidenciaba⁴. Este recoñecemento non se limitou só no relativo a aqueles usos ou costumes erixidos posteriormente en norma legal, trasladados ou incorporados á lei galega, senón tamén aos doutras determinadas institucións consuetudinarias que, aínda permanecendo á marxe do texto normativo, seguen mantendo

¹ Expresións semellantes atopámolas noutras referencias do propio BRAÑAS, A.: "El regionalismo gallego", *La Patria Gallega*, núm. 1, 30-III, páxs. 1 á 3; "El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario", *Obras completas de Alfredo Brañas*, vol. II, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1999, páxs. 341 a 400. *Id.*, igualmente, BERAMENDI, J.G.: *Alfredo Brañas no rexionalismo galego*, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1998, sobre todo das páxs. 27 á 38.

² Como, por exemplo, VICENTE RISCO, na súa *Teoría do nacionalismo galego*, Imp. de La Región, Ourense, 1920; obra tamén publicada nunha edición homenaxe polo Centro Galego de Buenos Aires (Cincuentenario da fundación das Irmandades da Fala), 1966; e na edición crítica de BERAMENDI, J.G., Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2000.

³ RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *Sempre en Galiza*, 3ª ed., Akal Editor, Madrid, 1977, páxs. 126 a 129. Como exemplo das súas opinións, o autor afirmaba que "*as variables condicións económicas d-un povo, no tempo e no espacio, moven tamén a sustancia xurídica que rixe as relacións sociais*". *E, pol-o tanto, a codificación do dereito privado d-un país debe basearse "n-un rexistro permanente dos feitos da liberdade"*. Este movemento acúsase de modo extraordinario en Galiza, por ser un país de pequenos propietarios, diseminados en comarcas orográficas, climáticas i económicas diferentes, con diversas necesidades e comeñencias, en grupos que moitas veces defenden intereses contrapostos. Este feito produz un aumento constante das modalidades xurídicas e, ao mesmo tempo, unha tendencia á unificación de principios moraes, reguladores do dereito vivo". (páx. 127).

⁴ Ao respecto, o TSXG, en sentenza do 24 de xullo de 2001 mantivo que o costume -dado o carácter normativo asignado polo artigo 1 da LDCG- se lle vén outorgando "*el mismo rango que a la ley, bien que con la salvedad prevista en su artículo 3.2 respecto a las leyes imperativas frente a las que no cabe oponer uso o costumbre en contrario*". No ámbito doutrinal, ademais de GARCÍA CARIDAD, J.A. (*Encontros sobor da casación no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, A Coruña, 1990), tamén BELLO JANEIRO, D. (*El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma gallega: la Ley 4/1995, de 24 de mayo*, Montecorvo, Madrid, 1999, páx. 93), matizou que "*los usos y costumbres no ceden nunca frente a la Ley gallega, dispositiva o imperativa, y sólo serán de aplicación si no son contrarios a las Leyes imperativas estatales de modo que son preferentes, a contra sensu, a las Leyes estatales dispositivas*". Para un maior afondamento sobre o tema, vid. SEOANE IGLESIAS, J.: "Usos y costumbres propios del Derecho civil de Galicia en las decisiones judiciales", *Foro Galego*, núms. 191-192, 2003 (núm. monográfico onde se recolle o *Libro del III Congreso de Derecho Gallego*), páxs. 75 á 105.

certa viveza e son comunmente aceptadas en diversas comarcas e lugares polos axentes xurídicos e pola comunidade social que as demanda e xera⁵.

Este dereito civil propio da nosa comunidade afectaba, e segue afectando, a amplas parcelas da vida dos cidadáns que repercuten directamente no seu contorno inmediato, como a propiedade, o aproveitamento da terra e os contratos, así como, de xeito singular, no referente aos arrendamentos de tipo rústico, a familia, os testamentos e as herdanzas. De todas estas materias xurídicas emerxeron figuras singulares que os galegos, sobre todo aqueles que gardan certa vinculación coas áreas rurais, coñecen por telas invocadas e utilizadas en numerosas ocasións para dirimir as súas controversias e litixios, e que, como se explicita na LDCG, deben aparecer integradas no noso dereito como creación xenuína do pobo galego, que xorde ao longo dos séculos na medida en que a súa necesidade se fai patente, fronte a un ordenamento estatal que, por ser común, viña negando as nosas especiais peculiaridades.

Non obstante, desde o punto de vista estritamente xurídico, e sen prexuízo do feito máis significativo da promulgación da LDCG, a experiencia histórica de cómo se foron acoellendo todas estas institucións propiamente galegas á hora de conformar o noso dereito non se pode dicir que resultase excesivamente gratificante, chegando, incluso, a ser cualificada pola doutrina de "traumática o desoladora"⁶, o que, de ningún xeito, debe levarnos a adoptar unha actitude derrotista, senón máis ben todo o contrario, sobre todo co ánimo de poder extraer da dita experiencia importantes consecuencias e conclusións prácticas que nos permitan, a través de determinadas condutas ou comportamentos, non volver a reproducir no futuro certos erros históricos cometidos no pasado⁷.

II. A DEMANDADA MODERNIZACIÓN DO DEREITO CIVIL GALEGO

Dentro deste proceso histórico-xurídico galego, o cal aínda non se pode catalogar, nin moito menos, de pechado, a aprobación da LDCG constituíu, como digo, un paso fun-

⁵ Xa moito antes á aprobación da LDCG a doutrina, pola súa banda, tamén manifestou abertamente a relevancia do costume sobre o noso dereito e a existencia de figuras xurídicas de orixe claramente consuetudinaria, algunhas delas non compiladas. Ao respecto, entre a ampla literatura xurídica que se pode citar, cabe sinalar a obra de AGUILERA e ARJONA, A.: *Galicia. Derecho consuetudinario*, Editorial F. Beltrán, Madrid, 1916; FUENMAYOR CHAMPÍN, A. DE: *Voz "Derecho civil de Galicia"*, *Nueva Enciclopedia Jurídica*, tomo I, Editorial F. Seix, S.A., Barcelona, 1951, páxs. 242 e seguintes; LORENZO FILGUEIRA, V.: *Realidad e hipótesis de futuro del Derecho foral de Galicia*, obra editada polo Concello de Pontevedra, Vigo, 1986, na que se contén un elenco de institucións ou costumes non compilados (especialmente, páxs. 59 e seguintes).

⁶ Así a cualificou REBOLLEDO VARELA, Á.L.: "El Derecho civil de Galicia", *Derechos civiles de España*, vol. IV, II parte, BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. e MARTÍNEZ-SIMANCAS (dirs.), 1ª ed., Madrid, marzo de 2000, pág. 1702.

⁷ Sobre o desenvolvemento histórico do dereito galego e as súas consecuencias, *vid.*, entre outros, RODRÍGUEZ MONTERO, R.P.: "El Derecho civil en Galicia, la Ley de Derecho Civil de Galicia y el futuro Derecho civil de Galicia: apuntes, ideas y sugerencias", *La Ley de Derecho Civil de Galicia: balance de un lustro y análisis de su revisión*, libro colectivo do que foi coordinador, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 2002, páxs. 9 á 35 (fundamentalmente, páxs. 10 á 21); tamén en tono crítico, SANDE GARCÍA, P.A.: "O dereito civil de Galicia: unha actualización imposible á luz da historia", *La modernización del Derecho civil*, BELLO JANEIRO, D. (ed.), Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1994, páxs. 147 á 173.

damental na regulación das distintas materias que configuran na actualidade o elemento normativo definidor do dereito civil de Galicia, e onde se recollen aqueles tradicionais usos e costumes propios, de conformidade coas máis modernas decisións do Tribunal Constitucional (TC) sobre a competencia autonómica en materia de dereito civil foral⁸.

Coñecedores de que esta lei se veu a integrar, como norma básica, no corpo normativo do dereito civil galego⁹, grazas á asunción dunha plena conciencia lexislativa autonómica, con ela quedou configurado o vixente marco legal referencial do ordenamento xurídico civil especial, debido, fundamentalmente, a tres razóns de peso: por ser a primeira norma codificadora civil ditada en exercicio dunha potestade lexislativa propia; pola posibilidade que incorpora de realizar a autointegración do denominado dereito civil de Galicia; e por ser, na práctica, o dereito común aplicable no territorio da nosa comunidade autónoma (CA)¹⁰.

Esta culminación na LDCG veu ofrecer tardía resposta ao lento e longo proceso codificador do dereito privado galego, que contou cun primeiro texto normativo oficial, xa anteriormente votado de menos en canto a un axeitado desenvolvemento histórico, o 2 de decembro de 1963, co nome de Compilación do dereito civil especial de Galicia, onde se recollían determinadas figuras específicas da nosa terra. Dada a insuficiencia do seu contido, e tratando de dar un paso adiante neste proceso, o Parlamento de Galicia procedeu á súa adaptación e integración no ordenamento xurídico da CA a través da Lei 7/1987, do 10 de novembro, baixo a denominación de Compilación do dereito civil de Galicia, coa supresión do antigo adxectivo de *especial*¹¹. Esta última compilación, con todo, tamén evidenciou anteriormente unha notoria precariedade, en tanto que, segundo a súa propia exposición de motivos, só supuxo "o sinxelo mais necesario alicierne para o acaído desenvolvemento do dereito civil galego", ao recoller simplemente as únicas modificacións esixidas pola ausencia de harmonía constitucional e estatutaria dalgúns dos preceptos da Compilación de 1963, así como pola falta de vixencia dalgunhas das institucións nela contidas¹².

⁸ Entre outras, SSTC 121/1992, do 28 de setembro, 182/1992, do 16 de novembro, 88/1993, do 12 de marzo, 156/1993, do 6 de maio, ou a máis recente sentenza, sobre o recurso de casación civil galego, 47/2004, do 25 de marzo. En concreto, como constatación do costume como fonte do dereito civil propio de Galicia, o TC recoñeceu que "*la competencia autonómica para la conservación, modificación y desarrollo del propio Derecho civil, puede dar lugar (...) a una recepción y formalización efectiva de costumbres y usos efectivamente vigentes en el respectivo territorio autonómico*" (SSTC 121/1992, fundamento xurídico 2º, e 182/1992).

⁹ Non debemos esquecer que o dereito civil de Galicia está integrado tamén por outra serie de leis, neste caso especiais, como por exemplo: a Lei de fundacións de interese galego, a Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, a Lei de montes veciñais en man común, a Lei de aparcerías e arrendamentos históricos galegos, a Lei do recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia, a Lei de ordenación e promoción do turismo de Galicia, a Lei galega de cooperativas, etc.

¹⁰ Razóns xa esgrimidas por RODRÍGUEZ MONTERO, R.P.: "El Derecho civil en Galicia...", cit., páx. 10.

¹¹ Esta supresión do cualificativo de *especial* vén respostar á manifesta vontade, con nitidez autonomista, de evidenciar o seu carácter propio, común, independente, *per se* substantivo e non apendicular dun dereito xeral ou común, isto é, segundo se especifica na exposición de motivos da Lei de 1987, "un corpo xurídico civil propio, autonomista e parlamentariamente establecido".

¹² Sobre a Lei 7/1987, do 10 de novembro, vid. SANDE GARCÍA, P.A.: "Fixación legal das competencias estatutarias en materia de Dereito Civil de Galicia e de fundacións de interese galego", *Estudios sobre o Estatuto Galego*, Escola Galega de Admi-

Polo tanto, pode afirmarse que Galicia tivo que esperar ata a LDCG para adaptar o texto da desfasada Compilación de 1963 á nova realidade instaurada pola Constitución española (CE) e a práctica xurídica do momento, o que pon de manifesto a demora sufrida nesta materia con relación ao resto de CCAA que gozan dun dereito propio. Neste sentido, se ben na disposición adicional da dita compilación xa se prevíña a posibilidade da súa reforma¹³, tamén o lexislador galego, consciente dos posibles defectos e imperfeccións que poidese presentar a LDCG, incorporou de modo semellante nesta unha disposición adicional segunda na que se establecía un prazo máximo de cinco anos para que, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designara un relatorio, integrado por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, co fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advertiran na súa aplicación, así como daquelas normas que se estimasen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil propio de Galicia.

Pois ben, a pesar dos distintos aspectos obxecto de conflito advertidos na aplicación da LDCG, resulta certamente criticable que ata o momento, e, *claro está*, despois de ter deixado transcorrer o citado prazo máximo de cinco anos, con independencia de que este tivera só carácter meramente indicativo¹⁴, a Xunta de Galicia, con acerto pero tamén retraso, decidiu constituír a Comisión Superior para o Estudio do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego¹⁵ para o efecto de traballar sobre a posible revisión ou reforma da LDCG¹⁶. A primeira versión completa do traballo elaborado por esta comisión concluíu no mes de abril de 2001¹⁷ coa presentación dun primeiro borrador de reforma proposto¹⁸.

nistración Pública, Santiago de Compostela, 1991, páxs. 537 á 540; con posterioridade, LORENZO MERINO, F.J.: "La Constitución de 1978 y su incidencia en el Derecho Civil de Galicia. La nueva legislación civil sectorial", *Revista Xurídica Galega*, núm. 3, 1º cuatrimestre 1993, páxs. 7 á 10.

¹³ Na disposición adicional da Compilación de 1963, sinalábase literalmente o seguinte: "A Comisión compiladora formulará cada dez anos unha Memoria comprensiva das dúbidas e dificultades que orixinara a aplicación dos preceptos da presente compilación, así como das omisións ou deficiencias observadas, elevando ao propio tempo, se procedera, o oportuno proxecto de reforma".

¹⁴ Así o entende tamén RODRÍGUEZ MONTERO, R.P.: "El Derecho civil en Galicia...", cit., pág. 26.

¹⁵ Creada inicialmente polo Decreto 71/1984, do 23 de febreiro.

¹⁶ Ao abeiro do Decreto do 8 de abril de 1999 e co fin de contribuír ao cumprimento do disposto na disposición adicional 2ª da LDCG, o 13 de setembro de 1999 tivo lugar a sesión de constitución formal da Comisión Superior para o Estudio do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego, baixo a presidencia do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. En virtude do acordado na sesión da comisión do 15 de decembro de 1999, o conselleiro, que por aquel entón era o Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, encargoulle a unha comisión a elaboración dun texto sobre a LDCG. Integraron a citada comisión: PÉREZ ÁLVAREZ, M.Á., GARCÍA-BOENTE SÁNCHEZ, G., REBOLLEDO VARELA, Á.L., e LORENZO MERINO, F.J. Partindo deste encargo constituíuse un grupo de traballo do que formaron parte, ademais dos membros da comisión, os membros da respectiva "Comisión do Colexio Notarial da Coruña para o Estudio do Dereito Civil de Galicia": ESPINOSA DE SOTO, J.L., ORDÓÑEZ ARMÁN, M., MÉNDEZ APENELA, E., e LOIS PUENTE, J.M.

¹⁷ Os borradores iniciais de traballo concluíronse seis meses despois da sesión do 15 de decembro de 1999 da Comisión Superior para o Estudio do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego e durante o mes de xuño do ano 2000 fíxoselle entrega deles ao conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dende o mes de setembro do ano 2000 ata marzo de 2001, a comisión realizou trinta e dúas sesións de traballo co fin de estudar cada un dos borradores que elaborara e de articular o texto resultante da coordinación destes. O mes de abril de 2001 a comisión conclúe unha primeira versión completa do traballo, da que se lle fai entrega ao citado conselleiro.

¹⁸ O borrador da proposta de reforma da LDCG da COMISIÓN SUPERIOR PARA O ESTUDIO DO DESENVOLVEMENTO DO DEREITO CIVIL GALEGO atopámolo no *Libro-Homenaje a Ildelfonso Sánchez Mera*, promovido polo Colexio Notarial da

Pero, xunto con este primeiro borrador, para proceder a unha axeitada reforma da LDCG deberían tamén terse necesariamente en conta as diversas demandas de modernización do noso dereito civil propio reclamadas no III Congreso de dereito galego polos distintos operadores xurídicos que actúan no ámbito da nosa comunidade¹⁹. Promovido e organizado polos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia e pola Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, deste importante acontecemento, que tivo lugar na Coruña, do 27 ao 29 de novembro de 2002, deben extraerse as distintas manifestacións e opinións autorizadas vertidas ao respecto, sobre todo as plasmadas nas conclusións finalmente adoptadas, as cales, ineludiblemente, deberían ser tomadas en consideración polo Goberno de Galicia, contrastándoa coas incluídas no borrador de reforma da Comisión Superior, co afán de lograr o maior consenso e unificación de perspectivas posible de cara á reforma e modernización do noso dereito²⁰.

E é que, do mesmo xeito que na reforma operada sobre a Compilación de 1963, agás no relativo á súa integración constitucional, a modificación da LDCG vén esixida pola mesma necesidade de modernización do dereito civil en canto adaptación dunhas normas de dereito privado ao tempo e á realidade social na que se teñen que aplicar cos novos problemas que iso formula²¹, e que se reflicte de xeito moi evidente no caso dos dereitos civís autonómicos.

A esta modernización contribúe, de maneira significativa, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) co seu eficaz instrumento da xurisprudencia no seu seo emanada, máxime tendo en conta que a súa tarefa de interpretación e aplicación das normas de dereito civil galego, encomendada estatutariamente á Sala do civil, debe servir de complemento cristalizador ao ordenamento xurídico instaurado en Galicia.

Coruña e publicado polos colexios notariais de España, D.L., Madrid, 2002, e recollido tamén no "Documento inicial para a posible actualización da Lei de dereito civil de Galicia", *Revista Xurídica Galega*, núm. 35, 2º trimestre, 2002, páxs. 347 á 404.

¹⁹ Anteriormente foron dous os congresos que sobre dereito galego se celebraron na nosa comunidade, en concreto, na cidade da Coruña, e que foron promovidos polas mesmas entidades organizadoras do III Congreso de dereito galego: os ilustres colexios de avogados de Galicia e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Así, en cumprimento do disposto na disposición adicional da Compilación de 1963, celebrouse un I Congreso de dereito galego, do 23 ao 28 de outubro de 1972, que tivo como obxecto principal a posible revisión da Compilación de 1963, prevista para o ano 1973, así como intentar plasmar a realidade socioeconómica de Galicia, sempre atendendo ao costume e á tradición xurídica. Posteriormente, e xa recoñecida a identidade galega co Estado das autonomías, desenvolveuse un II Congreso de dereito galego, do 25 ao 29 de xuño de 1985, dirixido, segundo se sinalaba, á profundación e potenciación do dereito galego, coa intención de extraer deste os principios xerais que o forman, as súas fontes e a súa causa orixinadora, para conservalo e desenvolvelo, así como tamén para proceder a analizar os procedementos polos que debería circular o dereito que, en virtude das competencias conferidas polo Estatuto de autonomía galego, poden facerse en e para Galicia, sen perder de vista os territorios veciños e os de fala hispana que se encontran ao outro lado do océano.

En canto ao I Congreso de dereito galego, *vid.* o Libro del *I Congreso de Derecho Gallego*, editado pola Comisión executiva do dito congreso, A Coruña, 1974; e polo que fai referencia ao II Congreso de dereito galego, *vid.* unha referencia sucinta a este na *Revista jurídica general de Galicia, Foro Galego*, núm. 182 (adicado monograficamente ao tema), 1986, páxs. 10 e seguintes.

²⁰ Os relatorios, comunicacións e conclusións correspondentes ao III Congreso de dereito galego atopámonas no monográfico de *Foro Galego*, núms. 191-192, 2003.

²¹ Modernización esixida pola xeneralidade da doutrina. A título de exemplo, AA.VV.: *La modernización del Derecho civil, ob. cit.*; en concreto, dentro desta obra, REBOLLEDO VARELA, Á.L.: "El desarrollo del Derecho civil gallego", páx. 177.

Ao respecto, faise obrigado resaltar a facilitación que, en orde ao acceso ao recurso de casación civil das sentenzas ditadas polos órganos xudiciais radicados na CA en materia de dereito galego, supuxo a Lei, precisamente, reguladora da casación civil galega aprobada no ano 1993, texto legal que, no esencial, se mantivo en vigor despois de ser ratificada a súa aplicabilidade pola sentenza do TC (STC) 47/2004, do 25 de marzo. Esta reafirmación constitucional do obxectivo primordial da dita norma procesual galega levou ao Parlamento galego a aprobar finalmente unha nova Lei 5/2005, do 25 de abril, do recurso de casación en materia de dereito civil de Galicia, onde se recollen as modificacións esixidas polo Alto Tribunal no seu pronunciamento, e que nos serve para poñer, de novo, en valor a importancia que merece o transcendental labor que o TSXG vén desempeñando no ámbito da competencia xudicial para coñecer do noso dereito foral.

En fin, de acordo co exposto nas liñas precedentes, e como constatación da miña máis sentida galegitude, pretendo desenvolver a continuación, con carácter xenérico, os aspectos que considero de maior actualidade relativos ao noso dereito civil galego e aos que se lles debe prestar unha maior atención respecto da súa necesaria conservación, modificación e permanente modernización, para posteriormente determe sobre a normativa propia do recurso de casación civil galego e as repercusións que sobre esta trouxo consigo a dita STC do ano 2004.

III. O DEREITO FORAL GALEGO REPRESENTADO NA LEI 4/1995, DO 24 DE MAIO. ESPECIAL REFERENCIA AOS PACTOS SUCESORIOS, ÁS FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO E AOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Como consecuencia da promulgación da LDCG, xerouse unha ampla e rica problemática xurídica ao suscitarse diversas cuestións en torno a determinadas institucións que hoxe en día conforman e definen o dereito privado galego.

A pesar de que o Goberno de Galicia era perfectamente consciente de toda unha serie de dificultades advertidas na aplicación dos preceptos desta lei, a ausencia de actividade lexislativa sobre a cuestión, desde a súa entrada en vigor e ata o momento presente, veu solventándose mediante a imprescindible intervención dos órganos xurisdiccionais que actúan no ámbito da nosa comunidade e, en especial, por medio do mencionado labor de desenvolvemento do dereito civil galego levado a cabo desde a aplicabilidade da norma polo TSXG a través das súas resolucións casacionais ditadas ao respecto.

A continuación mencionarei, a título exemplificativo, algúns dos aspectos da LDCG que máis interese despertan e que son obxecto de permanente debate xurídico na actualidade, sen esquecer que a súa promulgación supuxo a definitiva consagración lexislativa tanto do dereito de persoas, de familia e sucesións²², característico da cultura do noso pobo,

²² Sobre o particular, *vid.* RODRÍGUEZ MONTERO, R.P.: "Panorama del derecho de personas y familia en el Derecho civil de Galicia (1)", *La Ley Galicia*, suplemento de xullo de 2003, onde comenta basicamente as advertencias feitas ao respecto no III Congreso de dereito galego e achega as súas propias suxestións, tanto no relativo ao dereito de persoas (veciñanza civil, ausencia de feito, ou a autotutela) coma no relativo ao dereito de familia (a compañía familiar galega, o réxime económico matrimonial e as capitulacións matrimoniais, así como respecto ás doazóns por razón de matrimonio).

canto da configuración propia do sistema agrario galego en termos que tratan de responder de maneira solvente ás demandas sociais da nosa comunidade agraria, a través da regulación detallada da aparcería, o vitalicio, as servidumes (coa previsión da posibilidade de adquisición da servidume de paso pola usucapión de vinte anos), o arrendamento rústico e o dito réxime familiar e sucesorio.

Así, e sen restarlle importancia a outras institucións coma a compañía familiar galega, sobre a que, con propiedade, se refiriu o maxistrado que foi da Sala do civil e penal do TSXG, Daniel GARCÍA RAMOS²³; a figura legal do contrato de vitalicio, polo que unha ou varias persoas se obrigan, verbo doutra ou doutras, a prestar alimentos, coidados e axuda a cambio da cesión ou entrega de bens polo alimentista (o que vén achegar solución á proliferación de situacións de desamparo e soedade derivadas do progresivo envellecemento da poboación)²⁴; ou a mesma regulación dos arrendamentos rústicos, coa plena vixencia do principio da autonomía da vontade dos contratantes en canto á renda e á duración pactada, sen a existencia de prórrogas legais (o que, sen dúbida, está a orixinar en Galicia un aumento de contratos deste tipo); faise imprescindible destacar, por riba de todo, a enorme relevancia dos pactos sucesorios, as necesarias reformas que se deben acometer en materia de fundacións de interese galego, e aquelas outras modificacións de que deben ser susceptibles os montes veciñais en man común.

III.1. Os pactos sucesorios

Respecto ao ámbito sucesorio, ademais da posibilidade do testamento mancomunado²⁵, debemos resaltar a regulación e aplicabilidade práctica dos pactos sucesorios coma unha institución xurídica propia da lei galega²⁶. A través destes pactos faise posible que unha persoa reparta o seu legado en vida, co que se aborda a sucesiva división do patrimonio familiar, un dos maiores problemas históricos de Galicia. Por medio da súa regulación o lexislador galego veu ofrecer fórmulas legais para que os nosos cidadáns poidan conservar íntegro o seu patrimonio, sen ter que desmembralo entre os seus herdeiros.

²³ GARCÍA RAMOS, D.: "A compañía familiar galega na vixente Lei de dereito civil de Galicia", *Derecho Civil Gallego*, REBOLLEDO VARELA, Á.L., RODRÍGUEZ MONTERO, R., e LORENZO MERINO, F. (coords.), Consello Xeral do Poder Xudicial - Xunta de Galicia, Madrid, 1996, páxs. 217 á 256.

²⁴ Un repaso ao recoñemento xurídico do contrato de vitalicio en Galicia, así coma as posibles modificacións de que debe ser obxecto a súa regulación, podemos velo en PARDO GATO, J.R.: "O contrato de vitalicio (dende a comunicación de Amando Losada no I Congreso de Dereito Galego ata os nosos días)" -traballo galardoado co premio xurídico *Amando Losada*, II edición, segundo acordo do Consello da Avogacía Galega do 28 de abril de 2004, patrocinado conxuntamente coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia-, publicado na *Revista Xurídica Galega*, núm. 41, 4º trimestre 2003, páxs. 13 á 45; e en *Foro Galego*, núm. 194, 1º semestre 2005, páxs.123 á 161.

²⁵ Posibilidade dos cónxuxes galegos de outorgar testamento mancomunado nun mesmo documento. En canto ás súas características na LDCG no contexto da sucesión testada, vid. PÉREZ ÁLVAREZ, M.Á.: "La sucesión testada", *Manual de Derecho civil gallego*, Colex, Madrid, 1999, páxs. 223 á 232, en particular as páxs. 224 á 227.

²⁶ Ao respecto, *vid.*, entre outros, BELLO JANEIRO, D.: *Los pactos sucesorios en el Derecho civil de Galicia*, Montecorvo, Madrid, 2001; DÍAZ FUENTES, A.: "Los pactos sucesorios en el Derecho civil de Galicia", relatorio presentado ás xornadas sobre *Derecho sucesorio gallego*, organizadas polo Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, os días 23 e 24 de outubro de 2003.

Neste sentido, os pactos sucesorios poden ser unha boa solución á fragmentación minifundista tan habitual da nosa terra²⁷, pois a través da súa formalización en vida permiten traspasar o patrimonio familiar a un só dos herdeiros, coa conseguinte compensación aos restantes.

De feito, este instrumento legal afectaría non só ao ámbito agrario galego, senón tamén se podería estender, por medio do pacto de mellora ou doutros pactos sucesorios, ás explotacións de carácter fabril, industrial ou comercial, de tal xeito que permitiría a transmisión ordeada destes tipos de explotacións.

En concreto, xunto co pacto de mellora, e dentro destas institucións sucesorias propias, admítase o usufruto universal do cónxuxe viúvo, polo cal se lle pode deixar ao outro esposo a facultade de usar todas as propiedades do cónxuxe falecido, o que non permite o Código civil; e sen esquecernos do lugar destacado que ocupa a figura da apartación dentro destes pactos, que consiste na posibilidade de entregarlle anticipadamente ao herdeiro forzoso a súa cota hereditaria, co que queda excluído da percepción da lexítima na execución posterior á herdanza.

Entendo, para o efecto, que unha boa medida para potenciar o seu uso por parte dos cidadáns pode ser a de outorgar beneficios fiscais para os negocios de dereito galego, dada a súa enorme importancia para a transmisión da propiedade familiar e a planificación sucesoria.

III.2. As fundacións de interese galego

Polo que se refire ao sempre apaixonante tema das fundacións, cabe dicir que son a fórmula xurídica que mellor se adapta ás necesidades das institucións sen ánimo de lucro, de xeito que, afectando de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, constitúen un mecanismo idóneo mediante o que a sociedade se pode desenvolver en liberdade e alcanzar o fomento e promoción de iniciativas que contribúen á mellora do noso contorno social e humano, sen dependencia dos poderes públicos. Polo tanto, as fundacións son fiel reflexo do nivel de protección por un Estado da autonomía e da vontade e da liberdade dos seus cidadáns, en tanto que o Estatuto de autonomía de Galicia (EAG) lle atribúe á nosa CA a competencia exclusiva sobre este tipo de fundacións²⁸.

No desenvolvemento desta actividade adquiren especial relevancia aspectos como a forma e o tempo en que se debe realizar o exercicio fundacional e a posibilidade de que neste se leven a cabo actividades de índole económico especialmente rendibles²⁹, e iso a pesar de tratarse dunha entidade sen finalidade de lucro, polo que se debe preservar de ma-

²⁷ A esa conclusión chega BELLO JANEIRO, D.: *Los pactos sucesorios...*, *ob. cit.*, páxs. 80 e seguintes.

²⁸ En canto ao título competencial ao amparo do que o lexislador galego regulou as fundacións de interese galego, vid. BUSTO LAGO, J.M.: "Las competencias legislativas de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de Derecho civil", *Revista Xurídica Galega*, núm. 35, 2º trimestre 2002, páxs. 53 á 56.

²⁹ Sobre a vertente económica das fundacións, vid. AA.VV.: *Aspectos jurídico-económicos de las fundaciones*, BELLO JANEIRO, D. y LUNA SERRANO, A. (coords.), Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela, 2003.

neira conveniente o destino último do seu patrimonio, unha vez cumpridos os obxectivos marcados. Ademais, considero que resultaría aconsellable determinar se sobre o dito patrimonio e as doazóns inicialmente achegadas existe ou non dereito de reversión a favor da persoa física ou xurídica que as realizou, de tal xeito que as poida recuperar ao extinguirse a fundación.

En Galicia existen hoxe máis de cinco centas fundacións de interese galego³⁰, das que a meirande parte contan con orzamentos limitados, circunstancia que vén demostrar a vitalidade da nosa sociedade civil, acostumada desde sempre a facer moitas cousas con poucos recursos.

Como ocorre coa LDCG, estimo conveniente a actualización da Lei de fundacións galega³¹, texto normativo vixente desde hai máis de dúas décadas, ao que se deben incorporar determinadas esixencias derivadas principalmente das novas tecnoloxías (tal e como se fixo na CA de Cataluña), mediante a debida regulación da aplicación de medios telemáticos para a presentación dos actos inscribibles no rexistro de fundacións, así como para as contas e legalización de libros, coa adaptación dos seus requerimentos á moeda europea; como exemplo, mentres que nesta lei galega non se contén ningunha previsión ao respecto, na normativa estatal se require un mínimo de trinta mil euros para poder inscribir a fundación no rexistro correspondente.

Así mesmo, entendo necesaria a urxente depuración do rexistro oficial na que se atopan inscritas estas entidades e o seu exhaustivo estudo e investigación sobre estas, pois o certo é que poucas son as que desenvolven na realidade algunha actividade digna de mención, mentres que, por outro lado, todos somos conscientes de que existen certas organizacións, de distinto sino, que utilizan a figura das fundacións no seu propio beneficio, cunha finalidade claramente lucrativa, e coa conseguinte desvirtuación da imaxe externa que debería presidir unha correcta fundación de interese galego.

III.3. Os montes veciñais en man común

Tamén a regulación en Galicia dos montes mancomunados, que data de 1989, esixe un axuste no seu réxime legal que permita a súa viabilidade económica, o que require dunha modernización e simplificación normativa sobre a materia.

Estes montes en man común constitúen unha auténtica singularidade do dereito civil galego e caracterízanse, basicamente, pola súa titularidade colectiva e o seu aproveitamento consuetudinario, requisitos ambos os dous necesarios para a súa cualificación como tales polo Xurado de Montes Veciñais en Man Común. Como se recolle na normativa galega, estes montes son de titularidade absolutamente privada, co que se conclúe toda unha evo-

³⁰ Arredor do seu concepto, caracteres e outras consideracións, tanto na LDCG como na Lei de fundacións de interese galego, vid. GARCÍA RUBIO, M.^aP.: "Las fundaciones de interés gallego", *Manual de Derecho...*, ob. cit., páxs. 61 á 75.

³¹ Para un estudo da normativa galega sobre fundacións, vid. BELLO JANEIRO, D.: "La normativa gallega sobre fundaciones", *Aspectos jurídico-económicos...*, ob. cit., páxs. 21 á 39.

lución normativa que orixinara conflitos en canto á titularidade pública, propia das entidades locais, ou privada, das agrupacións veciñais, sobre estes³².

Para conseguir a maior rendibilidade que se lles presume, e que debe requerírselles, o lexislador galego terá que articular, canto antes, incluso dentro da propia LDCG, un réxime legal perfectamente adaptado á funcionalidade destes montes, co absoluto respecto á súa indivisibilidade e coa intención de alcanzar a desexable dinamización da institución. Neste sentido, resultará imprescindible a debida coordinación da política autonómica coas previsións da Unión Europea no sector forestal co fin de obter axuda financeira e axudas orzamentarias, a través de convenientes incentivos económicos aos veciños, para unha maior e mellor explotación dos devanditos montes.

Certamente, esta institución xurídica, de tan fonda raigame na nosa terra, atópase hoxe nunha encrucillada, xa que, aínda recoñecéndose a súa natureza xurídica coma unha das escasas manifestacións de comunidade xermánica que persiste en Galicia cos caracteres de inalienable, indivisible, imprescritible e inembargable, non obstante tal caracterización frea en parte a súa utilización e rendibilidade; razón máis que suficiente pola cal urxe unha nova regulación que teña en conta a súa distinta tipoloxía, que permita a súa viabilidade económica, na que se delimite o concepto de titular (veciño comuneiro), se profesionalice a súa xestión, e que, en síntese, permita inserir esta institución no tráfico xurídico e na realidade económica actual, todo iso sen desnaturalizar o seu contido proximario³³.

IV. O RECURSO DE CASACIÓN EN MATERIA DE DEREITO CIVIL GALEGO

Unha vez vistos, a grandes trazos, algúns daqueles aspectos da LDCG sobre os que se fai patente a súa necesidade de modificación, debemos ter en conta, no referente ao tema central do futuro do dereito civil galego, o recurso de casación nesta materia e o acceso ao axuizamento do TSXG das cuestións propias do noso dereito foral, sobre todo despois de ter recaído a tan esperada decisión xudicial ao respecto en voz do TC na súa sentenza 47/2004, do 25 de marzo, e que tivo como consecuencia a aprobación dunha nova lei casacional galega.

IV.1. Unha cuestión previa: o ámbito da competencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en materia de dereito civil especial

Antes de entrar no concreto comentario a esta relevante xurisprudencia, debemos salienta o feito de que aínda que os tribunais superiores de xustiza (TSX) se configuren coma órganos xudiciais do Estado non significa, por iso, que deixen de ser tamén auténticos órganos xurisdiccionais das autonomías respectivas, o que supón, na práctica, a proxección do sistema constitucional español de ordenación normativa do Estado sobre o poder xudicial.

³² Sobre a súa regulación, vid. DÍAZ FUENTES, A.: "Los montes vecinales en mano común en la legislación civil gallega", *La Ley de Derecho civil de Galicia: balance de un lustro...*, ob. cit., páxs. 61 á 83.

³³ Neste mesmo sentido, BELLO JANEIRO, D.: "Ámbito de la competencia de los tribunais superiores en materia de derecho civil: las peculiaridades del caso gallego", *Anuario de la Facultad de Derecho*, Universidade da Coruña, núm. 8, 2004, cit., páxs. 154 e 155.

O artigo 149.1.6ª da Constitución española (CE) atribúelle ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación procesual, se ben engade, a continuación, unha significativa excepción cando matiza "*sin perjuicio de las necesarias especialidades que en este orden se deriven de las particularidades del derecho sustantivo de las Comunidades Autónomas*", extremo sobre o que recaeu a STC 127/1999, do 1 de xullo, que declara inconstitucional a disposición adicional 3ª da Lei galega de montes veciñais en man común, así como o fallo relativo á inconstitucionalidade de parte da Lei do recurso de casación en materia de dereito civil galego, obxecto de significativa atención no presente traballo.

Pola súa parte, o parágrafo segundo do artigo 152.1 CE reconece expresamente a institución dos TSX, culminando así a organización xudicial no ámbito da CA, sen que iso signifique que os ditos tribunais se configuren como un órgano propio da autonomía na que se ubiquen, alleos ao engrenaxe do poder xudicial do Estado. Tal é así que este mesmo precepto, no seu parágrafo terceiro, determina que as sucesivas instancias procesuais se deberán esgotar ante órganos xudiciais que radiquen dentro do territorio da CA na que se encontre situado o órgano competente en primeira instancia.

Desde o punto de vista procesual, e como xa advertira no seu día o actual ministro de xustiza³⁴, este deseño comportaba un mandato de previsión legal de instancias e de recursos capaz de achegar satisfacción constitucional: dun lado, os TSX son imperativamente a máxima instancia posible de xurisdición no ámbito de cada CA, sempre que no estatuto correspondente se contemple a posibilidade da súa existencia; doutro, son potencialmente residencia natural de eventuais recursos extraordinarios naquelas controversias sobre o dereito autonómico nas que a primeira instancia lle fora atribuída a un órgano radicado no territorio afectado polo dito dereito.

En concreto, polo que se refire a Galicia, o artigo 21 do EAG, acollendo as anteriores ideas, dispón que "o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se integrará a actual Audiencia Territorial, é o órgano xurisdiccional no que culminará a organización xudicial no seu ámbito territorial e ante o que se esgotarán as sucesivas instancias procesuais...". Sobre o que insiste o artigo 27.4 do EAG ao conferirlle ao noso Parlamento autonómico a conservación do dereito civil especial, ademais de atribuírlle a súa modificación e desenvolvemento, o que o converte nun dereito singular vivo que, en canto que teña de elemento tipicamente galego, deberá ter acceso en conflito o TSXG para a súa definitiva declaración e sanción a través das súas decisións xurisprudenciais, as cales, en principio, só lle son de interese á nosa comunidade por afectar exclusivamente á súa vida propia.

IV.2. O recurso de casación civil

1. O novo enfoque achegado pola Lei de axuízamento civil

A pesar de que o recurso de casación existe como tal no ordenamento xurídico español desde hai case dous séculos, pode dicirse que a Lei de axuízamento civil, do 7 de xa-

³⁴ LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado autonómico. Orden competencial y Administración de Justicia en el Estado compuesto de la Constitución Española de 1978*, Civitas, Madrid, 1995, páxs. 166 e 167.

neiro de 2000 (LAC), veu implantar unha casación de novo cuño. Iso foi debido, dun lado, a que exclúe do seu ámbito a xa anteriormente derogada función de controlar o erro do feito na apreciación da proba cometido polos órganos de instancia e, doutro e mais importante, porque renuncia por vez primeira ao axuízamento sobre a aplicación das normas de natureza procesual, que pasaron a ser, polo menos en teoría, da exclusiva competencia dos TSX a través do non menos novidoso recurso extraordinario por infracción procesal, se ben a dita competencia está suspendida conforme dispón a disposición final 16^a.2 da LAC³⁵.

A casación, pois, comparte agora o seu ámbito tradicional (o control sobre a aplicación da legalidade ordinaria, tanto material coma procesual), con aquel recurso por infracción procesal, configurando unha dualidade de vías xurídicas alternativas para o recorrente (artigo 466.1 LAC), en función de se o dito prexuízo é ocasionado por unha infracción procesal ou unha vulneración material. Deste modo, créanse dous procedementos procesuais *distintos e excluyentes* para impugnar as sentenzas e os autos ditados polas audiencias provinciais que poñan fin á segunda instancia.

O principal obxecto deste novo recurso de casación, coa conseguinte ampliación do ámbito de coñecemento dos TSX, non é outro que o de liberar ao Tribunal Supremo (TS) da inxente carga de traballo que soporta, o que provoca que unha finalidade loable, como é a de incrementar, por fin, a utilidade dos TSX na orde civil, se vexa, en certa medida, traizoada por esa intención de fondo do lexislador³⁶.

2. Regulación e requisitos

Ademais do recurso de revisión, no seo da Sala civil e penal (denominada tamén simplemente como Sala do civil), os TSX coñecen, entre outras cuestións, e de acordo co estipulado no artigo 73.1.a) da Lei orgánica do poder xudicial (LOPX), "*del recurso de casación que establezca la Ley contra resoluciones de órganos jurisdiccionales del orden civil con sede en la Comunidad Autónoma, siempre que el recurso se funde en infracción de normas de Derecho civil foral o especial propio de la Comunidad, y cuando el correspondiente Estatuto de Autonomía haya previsto esta atribución*".

No dereito galego a asignación de competencias aos órganos xudiciais propios para o coñecemento do recurso de casación aparece recollida no artigo 22.1 do EAG, onde se di que a competencia dos órganos xurisdiccionais en Galicia se estende, na orde civil, a todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e revisión civís.

³⁵ A entrada en vigor deste sistema posponse ata a reforma da Lei orgánica do poder xudicial, e mentres non se leve a cabo debemos aternos ao réxime transitorio en materia de recursos extraordinarios previsto na LAC. Un comentario específico sobre estas dúas vías procesuais encontrámolo en O'CALLAGHAN MUÑOZ, X.: "El recurso de casación (en la LEC del 2000 y en la Disposición Final 16ª)", *La Ley*, núm. 5462, 17 de xaneiro de 2002; DOMINGO DA CRUZ, M^a: "El recurso de casación y el recurso extraordinario por infracción procesal: régimen actual y posición jurisprudencial", *La Ley*, núm. 6071, 28 de xullo de 2004.

³⁶ Así o entende tamén NIEVA FENOLL, J.: "El recurso de casación ante el T.S.J. de Galicia, tras la L.E.C. 1/2000" (1ª parte), *Revista Xurídica Galega*, núm. 33, 4º trimestre 2001, páx. 14.

Así mesmo, ao igual que sucede co recurso de revisión, os requisitos para que un recurso de casación lle sexa atribuído ao TSXG son os seguintes: a) que a resolución recorrida fose ditada por un órgano xurisdiccional de orde civil con sede na CA de Galicia; b) que o recurso se funde en infracción de normas de dereito civil galego; c) e que a dita atribución competencial apareza prevista no correspondente Estatuto de autonomía.

3. A atribución do recurso de casación fundado en normas de dereito civil foral ou especial aos tribunais superiores de xustiza

Establecida a casación rexional ou autonómica relativa ao dereito civil foral das CCAA, fórmulase o problema, ante o preceptuado pola LOPX, de cal sería o órgano que debería coñecer do recurso de casación, se o TSX ou o TS, naqueles supostos nos que a impugnación se fundase conxuntamente na infracción de normas civís comúns e especiais.

O artigo 54.1.a) da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial (LDPX) achegou a solución ao estender a competencia dos TSX para ocuparse de tales recursos, fortalecéndoos de *vis atractiva*. Esta previsión foi adoptada máis tarde pola LAC en virtude da redacción introducida pola Lei 10/1992, do 30 de abril, de medidas urxentes de reforma procesual, que á súa vez derrogou o precepto da LDPX, sendo igualmente aceptada a dita atribución de maneira pacífica pola xurisprudencia³⁷.

Non obstante, no suposto de que se invoque conxuntamente a infracción dun precepto constitucional e dunha norma de dereito civil foral ou especial, a competencia, de conformidade co artigo 54.1.f) da LDPX, en perfecta congruencia co artigo 5.4 LOPX, correspóndelle ao TS³⁸. Este mesmo precepto prevé un mecanismo corrector para evitar que se poida burlar a competencia do TSX mediante a simple alegación de infracción de precepto constitucional, xa que se o TS, na decisión do recurso, estimase que non concorre a infracción do precepto constitucional invocado e se, ademais, o recurso se fundase en infracción de normas de dereito civil foral ou especial, remitirá as actuacións ao TSX que coresponda, no prazo de quince días, con emprazamento das partes por un prazo de dez.

Polo demais, en canto á delimitación dos asuntos, cuxo coñecemento compete ao TSX, podemos tomar en consideración a STC do 17 de xuño de 2002, que estima un recurso de amparo e anula a sentenza do TSXG do 19 de xuño de 1997, tendo ditado este órgano xurisdiccional, neste mesmo asunto, o fallo do 3 de abril de 2003, no que, de novo, aborda a cuestión. Neste caso tratábase de deslindar se o coñecemento das cuestións de propiedade sobre montes veciñais en man común é, ou non, competencia do TSXG, o que se podería discutir desde a perspectiva das afirmacións realizadas polo TS nalgunha sentenza, como son as do 24 de marzo de 1992 e do 18 de novembro de 1996.

³⁷ Entre outras, STS, Sala do civil, do 16 de novembro de 1999 (FX 1); STSXG do 29 de outubro de 1996.

³⁸ *Cfr.* STS do 16 de novembro de 1999 (FX 4).

IV.3 O recurso de casación civil galego: a primeira normativa autonómica da man da Lei 11/1993, do 15 de xullo

En base ao apuntado, o Parlamento de Galicia aprobou, por unanimidade, a Lei 11/1993, do 15 de xullo, relativa ao recurso de casación galego (LCG)³⁹, ao entender que a CE e o propio EAG o lexitimaban para legislar sobre esta materia. Este recurso ía encamiñado, nada máis e nada menos, que a propiciar o establecemento de xurisprudencia sobre o dereito civil galego a través da interpretación e da aplicación unificadora e última das súas normas pola Sala do civil do TSXG. O seu fundamento, polo tanto, non foi outro que a falta de actitude derivada da única e exclusiva regulación preexistente da LAC de 1881, normativa que se mostraba carente de sentido se o que se pretendía era que este tribunal coñecese o recurso sobre o noso dereito civil.

E é que, en liñas xerais, ata a aprobación da LCG de 1993 só un pleito cuxa contía litixiosa excedese de seis millóns de pesetas podía ser resolto en casación; contía distante e criterio diferente ao seguido nas contendas xudiciais sobre o dereito civil galego, daquela desenvolto, case sen excepción, no ámbito consuetudinario e afastado dese gravame⁴⁰.

Pero esta LCG, composta inicialmente por catro artigos, unha disposición adicional, unha transitoria e unha final⁴¹, veu, con todo, afectado substancialmente o seu contido pola doutrina constitucional, ao menos no que á súa extensión formal se refire. Así, ata a data de producirse o fallo que deu lugar á STC 47/2004, do 25 de marzo, o seu artigo 1 facía referencia ás resolucións recorribles, o artigo 2 aos motivos do recurso, o 3 sostiña a posibilidade de fundarse nas primeiras tres razóns recollidas no artigo 1692 da antiga LAC, mentres que o seu último precepto se ceñía ás costas procesuais. De todos eles só se mantiveron parcialmente vixentes, aínda que de maneira certamente significativa como explicaremos, o artigo 1 e 2, declarándose inconstitucional e nula, en base ao referido fallo, a totalidade da redacción dos artigos 3 e 4, así como a súa disposición adicional.

IV.4. A sentenza do Tribunal Constitucional 47/2004, do 25 de marzo

1. O recurso de inconstitucionalidade 3141/1993 e a súa suspensión cautelar

O Goberno español, presidido daquela por Felipe González, interpuxo contra a LCG de 1993 o recurso de inconstitucionalidade, que foi admitido a trámite por acordo do TC do 16 de novembro de 1993, o que determininou a súa suspensión cautelar, desde a data da súa interposición (25 de outubro de 1993) para as partes lexitimadas no proceso, e desde a súa publicación para os terceiros⁴².

³⁹ DOG núm. 141, do 26 de xullo de 1993; BOE núm. 271, do 12 de novembro do mesmo ano.

⁴⁰ En parecidos termos pronunciouse o maxistrado da Sala do civil e penal do TSXG, SANDE GARCÍA, P. A.: "Intrahistoria dunha lei galega acollida polo Constitucional" (en prensa), diario *La Voz de Galicia*, 16 de abril de 2004 (sección "Tribuna"), páx. 11.

⁴¹ Sobre unha análise ao seu texto inicial, *vid.* NOGUEIRA ROMERO, S.: "Reflexiones acerca de la Ley sobre el recurso de casación civil de Galicia", *Revista Xurídica Galega*, núm. 4, 2º cuatrimestre 1993, páxs. 319 á 334.

⁴² Para unha maior información sobre o recurso de inconstitucionalidade 3141/1993 e os argumentos nel esgrimidos por parte do Goberno socialista, *vid.* BELLO JANEIRO, D.: "Ámbito de la competencia...", páxs. 158 á 160.

Non obstante, o propio TC acordou meses despois (por Auto do 22 de marzo de 1994) levantar a dita suspensión e permitir a aplicación do texto legal ata a sentenza definitiva, que tivo lugar o 25 de marzo de 2004.

2. *A doutrina constitucional en materia de competencia procesual*

O Alto Tribunal tardou, así, casi once anos en pronunciarse respecto a esta pugna de competencias sobre lexislación procesual entre o Estado e a CA de Galicia, e fíxoo en pleno por medio da sentenza 47/2004⁴³, despois de ter considerado o Estado que a LCG de 1993 non só innova o recurso de casación senón que reproduce a regulación procesual da LAC e incorpora á lexislación autonómica preceptos de leis estatais, o que era constitucionalmente inadmisíbel ao carecer da necesaria habilitación competencial.

Ao respecto, e tomando como base o mentado artigo 149.1.6ª da CE, o TC á hora de ditar a súa decisión apoiouse nunha consolidada doutrina xurisprudencial (FX 4): en primeiro lugar, a dita atribución estatal responde á necesidade de salvagardar a uniformidade dos instrumentos xurisdicionais⁴⁴; e, en segundo lugar, que a competencia asumida polas CCAA ao amparo da excepción recollida no mesmo precepto non lles permite, sen máis, introducir no seu ordenamento normas procesuais polo mero feito de ter promulgado regulacións de dereito substantivo no exercicio das súas competencias, senón que, como indica a expresión *necesarias especialidades* utilizada pola dita norma, teñen que limitarse a aquelas que, debido á súa conexión directa coas particularidades do dereito autonómico, veñan requiridas por estas⁴⁵. De acordo con este segundo argumento, corresponderalle ao lexislador autonómico ou, no seu defecto, a quen asuma a defensa da lexislación no seu caso impugnada, ofrecer a suficiente xustificación sobre a necesidade de alterar as regras procesuais habitualmente aplicables por vir esixidas polas especialidades do dereito substantivo autonómico, agás que do propio exame da lei se poidan desprender esas *necesarias especialidades*⁴⁶.

Pois ben, como xa hemos tido oportunidade de expoñer, o dereito civil de Galicia está representado na actualidade pola LDCG, dereito a partir do que se teñen que derivar as regras procesuais especiais relativas ao recurso de casación⁴⁷. Neste sentido, o TC advirte que unicamente "*tendrá legitimidad constitucional aquella normativa autonómica que se halle justificada por la directa conexión entre lo que tiene de particular o peculiar el De-*

⁴³ Sentenza publicada no BOE núm. 99, do 23 de abril de 2004, páxs. 72 á 88. Un comentario do fallo atopámolo en PARDO GATO, J.R.: "O recurso de casación en materia de Dereito civil galego (A propósito da STC 47/2004, do 25 de marzo)" -traballo galardoado co premio *Otrosí Vigo*, III edición (ano 2004), concedido polo Ilustre Colexio de Avogados de Vigo na reunión do Xurado do 21 de xaneiro de 2005-, *Otrosí Vigo*, núm. 51, marzo-abril 2005, páxs. 18 á 23.

⁴⁴ SSTC 71/1982, 30 de novembro (FX 20), 83/1986, 26 de xuño (FX 2), 173/1998, 23 de xullo (FX 16 c)).

⁴⁵ SSTC 71/1982, 30 de novembro (FX 20), 83/1986, 26 de xuño (FX 2), 121/1992, 28 de setembro (FX 4), 127/1999, 1 de xullo (FX 5).

⁴⁶ FX 4 da STC 127/1999, do 1 de xullo.

⁴⁷ Ao respecto, *vid.* VILLAGÓMEZ RODIL, A.: "Normas procesales del derecho civil de Galicia contenidas en la Ley de 24 de mayo de 1995", *Revista Xurídica Galega*, núm. 15, 1º cuatrimestre 1997, páxs. 25 á 31.

recho civil foral de Galicia y la especialidad procesal incorporada, que surge así como 'necesaria' y encaminada, precisamente, a preservar y proteger, con el adecuado grado de intensidad y eficacia, el mencionado Derecho sustantivo y las particularidades que lo informan" (FX 6).

En definitiva, de acordo co anterior, podemos inferir que os parlamentos autonómicos poderán introducir singularidades procesuais respecto ao que establecen as leis estatais, pero só as que *inevitablemente* e de modo xustificadado se deduzan das particularidades do dereito propio desa comunidade.

3. Breve análise dos preceptos impugnados

Dado o espazo do que dispoño para desenvolver os motivos de impugnación aludidos de que foron obxecto os artigos e normas da LCG de 1993, expoñerei brevemente a continuación os declarados inconstitucionais e nulos, así como os que se mantiveron vixentes:

A) Preceptos e disposicións inconstitucionais

Tras analizar o contido dos catro artigos da cuestionada LCG, a sentenza considerou que na súa maior parte a norma galega non se atíña a ese límite ao que aludimos, senón que reproducía principios da LAC de 1881 ou regulaba inxustificadamente outros que xa se encontraban recollidos en normas estatais.

Así, debido a que non gardaban relación ningunha coas singularidades do mencionado dereito civil, foral ou especial, declárouse a inconstitucionalidade dos apartados b) e c), así como do parágrafo final do artigo 1, por reproducir a regulación procesual que da casación se contiña na LAC (cfr. artigo 1687 LAC 1881); ao igual que ocorre co apartado a) do mesmo artigo 1, agás o preceptuado no seu inciso final.

Tamén se declarou a inconstitucionalidade do apartado 1º do artigo 2 por non incorporar ao ordenamento da casación foral ningunha innovación ou especialidade procesual que viñera esixida polas particularidades do dereito civil galego⁴⁸, ademais de que a súa redacción ía encamiñada precisamente a concretar a indefinición do artigo 1730 da LAC de 1881⁴⁹.

Pola súa parte, a inconstitucionalidade do artigo 3 da LCG de 1993 debeuse a que, en esencia, establecía unha regra de competencia xurisdiccional, de tal xeito que a súa determinación lle correspondía en exclusiva ao lexislador estatal. Esta norma tiña sentido en relación co derogado artigo 1692 da LAC de 1881, xa que se remitía aos seus apartados 1º, 2º e 3º, onde se contemplaban como motivos do recurso de casación, respectivamente,

⁴⁸ Neste sentido, a sentenza do TSXG de 12 de maio de 2000 precisou que o termo "conxuntamente" contido no artigo 2.1º da LCG de 1993 debe entenderse non para cada concreto motivo senón con relación ao recurso de casación en xeral.

⁴⁹ En canto ao "interés casacional" ao que alude o precepto, o TSXG, en reiterada xurisprudencia, sostivo que o mesmo representa un presuposto de admisibilidade do recurso de casación nos termos do artigo 447.2.3º da LAC de 2000 (sentenzas 47/2002, do 26 de decembro; 6, 8 e 14 do 20 de febreiro de 2003; 7 de marzo de 2003; así como a do 19 de abril do mesmo ano).

o abuso, exceso ou defecto no exercicio da xurisdición; a incompetencia ou a inadecuación do procedemento; e o quebrantamento das formas esenciais do xuízo por infracción das normas reguladoras da sentenza ou das que rexen os actos e garantías procesuais, sempre que, neste último caso, se teña producido a indefensión para a parte. Agora, coa LAC de 2000, estes enunciados configúranse, non xa como motivos de casación *in procedendo*, senón, con certas modificacións, como motivos nos que pode fundarse o recurso extraordinario por infracción procesal, contra sentenzas e autos ditados polas audiencias provinciais que poñan fin á segunda instancia.

En canto ao artigo 4 da LCG de 1993, que establecía unha regra especial en materia de imposición das costas procesuais derivadas da tramitación do recurso de casación ante a Sala do civil do TSXG (de conformidade coa cal as costas se impoñerían á parte que o tribunal aprecie que procedera con temeridade ou mala fe na interposición do recurso, razoándoo expresamente na sentenza que se dite), a súa inconstitucionalidade tivo como causa fundamental que o seu contido non se derivaba das peculiaridades substantivas do dereito civil de Galicia e invadía así a competencia estatal⁵⁰.

Finalmente, e por igual motivo, a disposición adicional, que lle atribuíu carácter supletorio á lexislación estatal sobre o recurso de casación, é declarada tamén inconstitucional. Neste caso o TC considera que o lexislador galego se situou no ámbito competencial propio do lexislador estatal ao aprobar unha norma que prevía a non aplicación directa da regulación estatal xeral do recurso de casación, que sería aplicable só supletoriamente.

B) Preceptos e disposicións que se mantiveron vixentes

O Alto Tribunal só declarou constitucionais e válidos os artigos que permiten acudir ao recurso de casación galego sen a necesidade de que o litixio sobrepase unha determinada cantidade de diñeiro e os que consideran como motivo para acollerse a esa figura o feito de que a sentenza que se recorra descoñece os usos e costumes que se estiman como unha fonte máis do dereito civil galego.

En concreto, respecto á primeira causa de constitucionalidade, trátase da letra a) do artigo 1, en canto dispón: "Son susceptibles de recurso de casación ante a Sala do civil e penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: a) As sentenzas definitivas pronunciadas polas audiencias provinciais de Galicia (...) calquera que sexa a contía litixiosa"⁵¹.

Xustamente é en base a este segundo motivo de onde vén xustificada a vixencia do número 2º do artigo 2, nos dous parágrafos que o conforman, por incorrer o xulgador de

⁵⁰ Vid. artigos 394.1 e 398.1 da LAC de 2000.

⁵¹ Neste sentido, o TC argumenta que as institucións reguladas na LDCG "*se integran por relaciones jurídicas muy vinculadas al ámbito rural de Galicia y, por ello, su economía esencialmente agraria, sobre la base de una propiedad de carácter minifundista. Los pleitos para solventar las diferencias entre los derechos derivados tienen, pues, como sustrato económico cuantías litigiosas escasas...*". O tribunal cita como exemplos de contía modesta os patrucios parroquiais, a veciña, as comunidades en materia de augas, a agra, o agro ou o vilar, a servidume de paso, as serventías, o cómaro, ribazo ou arró, o retracto de graciosa, os arrendamentos rústicos e parcerías, entre outros.

instancia na sentenza obxecto de recurso en "erro na apreciación da proba que demostre descoñecemento por parte do xulgador dos feitos notorios que supoñan infracción do uso ou costume", polo que se tomamos como base este argumento, que reitera o postulado do artigo 2.1 da LDCG⁵² e que debe poñerse en relación co réxime de proba relativo ao costume previsto no artigo 281.2 da LAC de 2000⁵³, abrénsenos igualmente a posibilidade de fundar o recurso de casación ante o TSXG.

Así mesmo, e polo que se refire ás disposicións transitoria e final sobre a entrada en vigor da LCG de 1993, o TC considerounas tamén totalmente válidas ao non lle negar ao Parlamento galego o exercicio da súa competencia constitucional e estatutaria para emanar leis que impliquen necesarias especialidades de orde procesual, como que a norma vaia acompañada dun dereito intertemporal necesario.

4. Votos particulares á sentenza

Esta estimación parcial do promovido recurso de inconstitucionalidade non acadou a unanimidade de todos os maxistrados do pleno ao discrepar catro deles do criterio maioritario e formular dous votos particulares por diferentes razóns⁵⁴.

Nun primeiro voto particular, os maxistrados Pablo Cachón Villar e María Emilia Casas Baamonde posicionáronse favorables a incrementar os motivos que abren a posibilidade de interposición do recurso de casación baixo a LCG de 1993, razón pola que disentiron na declaración de inconstitucionalidade do artigo 2.1º, ao estimar que o precepto non fai senón regular un motivo de casación que constitúe unha *necesaria especialidad procesal* derivada do dereito substantivo de Galicia.

Polo contrario, Vicente Conde Martín de Hixas e Roberto García-Calvo y Montiel formularon un voto particular de distinto signo, e sostiveron que a lei tiña que ser declara-

⁵² O artigo 2 da LDCG, no seu apartado primeiro, establece expresamente o seguinte: "Os usos e costumes notorios non requirirán proba. Son notorios, ademais dos usos e costumes compilados, os aplicados polo Tribunal Supremo, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou pola antiga Audiencia Territorial de Galicia".

⁵³ A teor deste precepto estatal, intitulado "*objeto y necesidad de la prueba*", o costume haberá de ser obxecto de proba, precisando a continuación que esta proba non será necesaria no caso de que as partes estivesen conformes na súa existencia e contido e as súas normas non afectasen ao orde público. Ao respecto, vid. PENA LÓPEZ, J.M.: "La prueba de la costumbre en nuestro Ordenamiento jurídico", *Estudios Jurídicos en Homenaje al Profesor Díez-Picazo*, tomo I, Civitas, Madrid, 2003, especialmente as páxs. 749 á 754.

⁵⁴ Ao respecto véxanse tamén as obxeccións contidas no voto particular á STC 46/2004, do 23 de marzo, dirixidas á interpretación que a Sala Primeira do TS fai dos supostos de admisión do recurso de casación establecidos no artigo 477.2 da LAC 1/2000, e cuxo preámbulo inicia coas seguintes verbas: "*Cuando los órganos jurisdiccionales se pronuncien acerca de la procedencia de un recurso o medio impugnatorio, al que ha acudido el litigante para obtener satisfacción de sus pretensiones mediante sentencia con efectos de cosa juzgada, si tal pronunciamiento judicial consiste en la exclusión o improcedencia del recurso en sí mismo considerado (no sobre si concurren o no los requisitos procesales para su admisión a trámite), tal exclusión ha de hallarse debidamente fundamentada, ya sea en el texto claro e inequívoco de la norma procesal que así lo establezca, ya sea mediante una exégesis razonable del ordenamiento procesal aplicable, en la que no se prescinda de la finalidad que persiguió el legislador al instaurar el específico recurso o medio impugnatorio que el litigante intenta utilizar*". Sobre este voto particular, vid. POCH PALTRÉ, J.L. e GUI MORI, T.: "Recurso de casación civil: comentario al voto particular contenido en la sentencia 46/2004, de 23 de marzo, de la Sala Primera del Tribunal Constitucional", *La Ley*, 2004-3, páxs. 1774 á 1777.

da inconstitucional en toda a súa integridade, xa que, segundo o seu parecer -do que, con toda humildade, discrepo-, o cuestionable non é o contido concreto de cada un dos seus artigos, senón o feito mesmo de que poida existir unha lei autonómica que regule o recurso de casación de forma diferente á normativa estatal.

IV.5. A aprobación da Lei 5/2005, do 25 de abril

Con independencia deste último voto particular á STC 47/2004, o lexislador galego, tomando como fundamento esta decisión xudicial, así como a normativa, tanto a estatal coma a autonómica, sobre a cal xa se tiña sustentado á hora de aprobar a LCG de 1993, decidiuse, cargado de razóns polo tanto, a promulgar unha nova norma que regulara esta cuestión dentro da legalidade vixente. Trátase da Lei 5/2005, do 25 de abril, que baixo o mesmo título que a súa predecesora, entrou en vigor o 19 de maio, e cuxa publicación veu finalmente a derogala.

O seu contido formal viuse, así mesmo, reducido a dous artigos e unha disposición transitoria que permite recorrer en casación as resolucións xudiciais que, ditadas antes da súa entrada en vigor, se encontran en tempo hábil de ser recorridas, ademais da dita disposición derogatoria e a respectiva disposición final que anuncia a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*⁵⁵.

Esta nova Lei de casación galega, co apoio da totalidade da Cámara, mantén a posibilidade de que se poidan recorrer ante o TSXG as decisións dos xulgados e das audiencias provinciais galegas, sempre e cando as súas resolucións sigan afectando ao dereito propio e peculiar desta comunidade. De feito, no novo texto ratifícase como motivo casacional o erro na apreciación da proba "que demostre descoñecemento por parte do xulgador dos feitos notorios que supoñan infracción do uso ou costume" (artigo 2.1).

Por outro lado, a Lei 5/2005 tamén volve a recoller a prerrogativa de que as sentenzas obxecto de recurso de casación "non estarán sometidas a limitación algunha por causa da súa contía litixiosa" (artigo 2.2). Ao respecto, é necesario incidir na enorme relevancia que esta cuestión ten para Galicia, sobre todo se temos en conta que na lei estatal, que regula a casación ante o TS, se establece unha expresa limitación á posibilidade de presentar o recurso, pois só poden ser obxecto deste aquelas sentenzas nas que as contías se fixen en máis de cento cincuenta mil euros ou se cualifiquen como indeterminadas por algún dos litigantes. Esta cantidade presúmese tan elevada que se se chegase a aplicar a aqueles recursos nos que se invocara o dereito propio de Galicia, case ningún caso sería susceptible de ser recorrido.

Porén, coa última norma aprobada polo Parlamento galego o TSXG será o órgano onde rematen aqueles procesos que afecten singularmente ao dereito civil galego, e en consecuencia este tribunal poderá establecer, como así o viña facendo, unha xurisprudencia propia nesta materia.

⁵⁵ DOG núm. 94, do 18 de maio de 2005.

IV.6. A vixencia do recurso de casación civil galego

Coa ulterior aprobación da LCG de 2005, a consecuencia do mentado pronunciamento constitucional, debemos ter presente e reafirmarnos na importancia que supuxo e constitúe para Galicia a existencia dunha norma como a anterior LCG de 1993, pioneira en todo o territorio español e sen equivalencia en ningunha outra CA con dereito civil específico. Tal é así que a súa significación tivo certa continuidade na aplicabilidade da vixente, ao menos respecto da consagración dos aspectos máis esenciais que o lexislador autonómico tomou en consideración ao abordar a regulación do recurso de casación.

O texto lexislativo inicial, certamente ousado desde a perspectiva do seu encaixe constitucional, foi obxecto de promulgación dous anos antes de que se aprobara a LDCG, a cal, curiosamente, mereceu a anuencia do Goberno da nación ao non poñer reparo ningún nin a un só dos seus preceptos, e sen que posteriormente a súa redacción se vise, tampouco, afectada en absoluto por esta última decisión do TC.

E é que a anulación parcial da LCG de 1993 non supuxo, na práctica, un serio conxunto ao desenvolvemento do dereito propio de Galicia, pois, en rigor, o fallo veu ratificar a súa vixencia ao declarar no principal o seu texto conforme á CE. Así, na súa virtude, as dúas contribucións centrais da LCG de 1993 recibiron o aval constitucional e víronse ratificadas finalmente polo texto da LCG de 2005: dun lado, todas as sentenzas ditadas polas catro audiencias provinciais de Galicia en materia de dereito civil propio, independentemente da contía litixiosa de que se trate, van seguir sendo susceptibles de combatirse en casación ante a Sala do civil do TSXG, co que se elimina a *summa gravaminis* para recorrer en casación sentenzas definitivas así ditadas⁵⁶, ben tomando como argumento infraccións de normas que integren este dereito propio, ben conxuntamente coa infracción de normas de dereito territorial común que resulten aplicables para resolver as cuestións obxecto do proceso; por outro lado, mantense a notoriedade dos usos e costumes do dereito civil galego, que seguirá constituíndo un dos motivos nos que o recurso encontra debido fundamento para o caso da apreciación dun erro na proba que demostre o descoñecemento polo xulgador dos feitos notorios que supoñan a infracción dun uso normativo ou dun costume, o que lle permite a dita Sala do TSXG levar a cabo a función *nomofiláctica* en relación coas normas de natureza consuetudinaria⁵⁷.

Polo tanto, fronte á regulación do dereito común, que só admite a casación por infracción de lei e fixa a contía litixiosa mínima en vinte e cinco millóns das antigas pesetas, son precisamente estas dúas cuestións, aceptadas constitucionalmente, as que marcan o feito diferencial do noso dereito civil e o transcendental do recurso galego.

⁵⁶ A supresión da *summa gravaminis* foi debidamente ponderada por REBOLLEDO en relación cos litixios que se susciten en materia de servidumes de paso e serventías (REBOLLEDO VARELA, Á.L.: *Los derechos reales en la Ley 4/1995, de 24 de mayo, de Derecho civil de Galicia (Montes vecinales en mano común, aguas, servidumbre de paso y serventía)*, Editorial Revista Xurídica Galega, Pontevedra, 1999, páxs. 127 e seguintes).

⁵⁷ Función á que se refiriu tamén BUSTO LAGO, J.M.: "Ámbito de la competencia de los Tribunales Superiores de Justicia en materia de Derecho civil: especialidades en la regulación autonómica del recurso de casación en materia de Derecho civil propio de Galicia (A propósito de la STC 47/2004, de 25 de marzo)", *Derecho Privado y Constitución*, núm. 18, 2004, pág. 140.

Estas razóns xustifican con creces a boa acollida co que foi recibida a STC 47/2004, do 25 de marzo, tanto polos estudosos do dereito civil galego⁵⁸, os constitucionalistas⁵⁹, coma polos propios integrantes da Sala do civil e penal do TSXG⁶⁰ (non así tanto polos procesalistas)⁶¹ o que non debe impedir, pese a sumarme con convencemento a este xeneralizado aplauso, deixar reflectido o que supón un defecto na súa argumentación ao declarar a inconstitucionalidade da referencia que no artigo 2.1º da LCG de 1993 se facía á infracción da doutrina xurisprudencial do TSXG como motivo do recurso de casación en materia de dereito civil propio de Galicia⁶².

Non obstante, isto último non debe ser obstáculo para afirmar abertamente que o TC deixou intacta a posibilidade de acceso á casación en base ás especificidades do dereito civil de Galicia, o que supuxo un recoñecemento expreso á competencia galega en materia procesal⁶³, posto que calquera pleito no que dalgún modo, exclusivo ou non, se debata unha cuestión merecedora de substanciarse atendendo a tales normas, poderá ser coñecido en casación polo TSXG, o cal continuará encontrándose en condicións de complementar o noso ordenamento xurídico propio ao crear doutrina xurisprudencial sobre este extremo, elemento co que eficazmente se contribuirá a dotar ao dereito galego dunha maior vitalidade.

V. COA VISTA POSTA NO FUTURO

Se pensamos en termos de futuro, o que nos debe levar á recapitulación do antedito de acordo co adiantado no preámbulo, resulta imprescindible de cara o porvir do noso de-

⁵⁸ BELLO JANEIRO, D.: "El recurso de casación en materia de Derecho civil de Galicia", *Derecho y Administraciones de Justicia*, núm. 5, maio 2004, páx. 3.

⁵⁹ PULIDO QUECEDO, M.: "Casación civil autonómica", *Actualidad Jurídica Aranzadi*, núm. 625, 27 de maio de 2004, páxs. 6 e 7; do mesmo xeito maniféstase en "A vueltas con las funciones casacionales de los Tribunales Superiores de Justicia", *Repertorio Aranzadi del Tribunal Constitucional*, núm. 5/2004, "Tribuna".

⁶⁰ En concreto, SANDE GARCÍA, P.A.: "Intrahistoria dunha lei galega...", cit., páx. 11.

⁶¹ PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J.: "La competencia estatal en materia de legislación procesal a la luz de la doctrina acogida en la STC (Pleno) 47/2004, de 29 de marzo de 2004 (EDJ 2004/10849)", *Foro Galego*, núm. 194, 1º semestre, páxs. 73 á 95, manifesta que "la instrumentalización que por el TC -coincidente con un sector de la doctrina civilista- se realiza del Derecho Procesal al estimar la necesaria regulación de un recurso de casación foral para poder lograr un cuerpo de Derecho civil gallego deja traslucir un concepto obsoleto y superado, por la doctrina procesalista, del Derecho Procesal (...) el Derecho Procesal constituye un instrumento de la tutela o efectividad judicial del derecho sustantivo, pero, en ningún caso, es admisible una instrumentalización del Derecho Procesal, en este caso, por el Derecho Civil especial o foral" (páx. 94). Así, contrariamente o profesor PÉREZ-CRUZ non atopa na sentenza comentada a precisa determinación das particularidades do dereito civil especial galego e a relación de necesidade na conexión entre as ditas particularidades e as especialidades procesuais de que se trate, "para poder justificar el mantenimiento de la posibilidad de recurrir una resolución judicial, cualquiera que sea su cuantía, alamparo del error de hecho en la apreciación de la prueba que demuestre desconocimiento por parte del juzgador de hechos notorios que supongan infracción del uso o costumbre" (páx. 95).

⁶² Sobre este punto detívose con acerto BUSTO LAGO, J.M.: "Ámbito de la competencia de los Tribunales Superiores de Justicia...", cit., especialmente páxs. 128 á 131 e 140.

⁶³ Despois de analizar a STC 47/2004, NOGUEIRA ROMERO, S.: "Todavía sobre la casación foral gallega", *Foro Galego*, núm. 194, 1º semestre 2005, páx. 121, conclúe que a Lei de casación galega "no supone ningún retroceso en orden a la pureza casacional, en cuanto es un claro ejemplo de respeto a la norma, en este caso, norma no escrita, ahora empieza a serlo y seguirá en esa línea".

reito poñer en relación ambas as dúas leis, a procesual ou de casación e a substantiva ou de dereito civil, tendo en conta a súa manifestada vixencia legal e a súa axeitada aplicabilidade en Galicia.

Aínda que, segundo o comentado, a LDCG non se pode considerar como un mero paso máis gañado dentro dun proceso legislativo inacabado, pois traducíuse na práctica no dereito común aplicable en todo o territorio da nosa comunidade, non é menos certo que trouxo consigo o inicio dunha nova etapa marcada polas perspectivas de futuro que, fronte ao sucedido en situacións pasadas, se poden albiscar de notablemente esperanzadoras.

O tempo transcorrido desde a súa promulgación puxo de manifesto a conveniencia de proceder á súa revisión, pois aínda conscientes da loable intención legislativa por tratar de recoller na norma as moi diversas posibilidades xurídicas que se puideran producir na realidade galega, a verdade é que a LDCG non se pode presentar como un texto normativo pechado e completo. É máis, á marxe dos seus innegables acertos, este texto legal non é alleo a determinadas carencias e imperfeccións, manifestadas ao longo dos anos de vixencia da normativa, e cumpridamente postas de relevo no III Congreso de dereito galego.

A necesidade de cubrir e corrixir as ditas carencias e imperfeccións, así como tamén a de desenvolver o dereito propio ao fío das novas necesidades que día a día vai demandando a cambiante sociedade galega -do que pareceu ser plenamente consciente o lexislador autonómico cando ao redactar a norma introduciu a disposición adicional segunda-, abriu unha nova e apaixonante etapa, nun contexto agora moi diferente do que se deu noutros momentos dentro do denominado proceso histórico do dereito civil galego.

Esta nova etapa pasa necesariamente pola reforma da LDCG e dalgunhas das institucións nela recollidas⁶⁴, como os sinalados montes veciñais en man común, o contrato de vitalicio, as fundacións de interese galego e a súa adaptación ás novas tecnoloxías e ao euro, no relativo ao ámbito sucesorio (con especial referencia ás lexítimas), así coma noutros moitos aspectos que evidencian a urxencia da dita modificación, entre eles o da reforma da financiación autonómica; en concreto, a cesión da capacidade normativa ás CCAA para regular a tributación e os efectos fiscais das institucións de dereito propio, tendo en conta que estas poden resultar gravadas na nosa terra polos distintos impostos ou tributos, estatais ou cedidos, que non teñen en conta as súas especiais características⁶⁵.

Pois ben, se a todo isto engadimos a ulterior aprobación da nova LCG de 2005, en clara resposta ao sentado polo TC na súa sentenza 47/2004, do 25 de marzo, podemos concluir que o dito texto legal, en conexión directa coa LDCG, servirá para seguir impulsando o dereito civil coma un dos elementos definidores da personalidade e do feito diferencial galego. Poderíamos incluso adiantar que unha das consecuencias salientables que a bo seguro terá a aplicabilidade da LCG de 1995, como fiel continuadora da súa predecesora den-

⁶⁴ No momento no que corrixo as probas de imprenta para a presente publicación tense xa aprobada no Parlamento de Galicia unha proposición de lei encamiñada a modificar a LDCG (*BOPG* núm. 63, VII lexislatura, 21 de decembro de 2005, páxs. 3614 á 3654).

⁶⁵ Tamén neste sentido, BELLO JANEIRO, D.: "El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma gallega", *La Ley de Derecho Civil de Galicia: balance de un lustro...*, *ob. cit.*, pág. 60.

tro das marxes da constitucionalidade nas que se mantivo vixente, correspóndese co efecto mimético que producirá nun futuro próximo entre os lexisladores autonómicos que contan cun dereito civil substantivo propio⁶⁶.

En Galicia, a normativa lexislativa casacional, dado o fundamental da regulación na nosa comunidade sobre a materia procesual para os efectos da integración e desenvolvemento do dereito civil especial, posibilitará, como ata o de agora e desde o ano 1993, a existencia dun recurso de casación ante o máis alto tribunal autonómico, recoñecido no EAG, o que facilitará finalmente que se siga xerando unha doutrina xurisprudencial sobre o noso dereito civil, sustentada na constitucionalidade da independencia do recurso de casación da contía e no feito da súa fundamentación na notoriedade dos usos e costumes.

Postos así en relación os dous textos legais de referencia, o procesual e o substantivo, estamos en condicións de defender que a inevitable litixiosidade que a LDCG leva consigo estase traducindo na fixación de criterios xurisprudenciais polo TSXG, o que contribúe non só a resolver pacificamente as distintas controversias que se veñen suscitando, senón tamén ao anunciado triunfo no seo da sociedade galega do seu dereito civil.

Aínda sabedores de que queda moito camiño por percorrer, non podemos esquecer que tanto a conveniencia de dotar a Galicia dunha nova lexislación casacional galega por medio da Lei 5/2005, do 25 de abril, tendo en conta a doutrina do TC, coma a necesidade de acometer unha futura reforma da LDCG, e as súas institucións nela contidas, ambas as dúas normas, coas modificacións de que poda ser obxecto esta última, quedarán finalmente en mans do pobo, na tarefa teórica dos estudosos e no esencial labor dos encargados de levar o dereito á práctica.

Velaí a importancia de afrontar con valentía a ampliación do contido da normativa de dereito civil galego, con ocasión da súa revisión, a cal contará co beneplácito dos distintos operadores xurídicos que actúan na nosa terra, así como da sociedade galega en xeral, que verá con bos ollos todo o que se faga en prol do noso dereito propio e daquelas peculiares institucións, que sen ter caído en desuso⁶⁷, constitúen un auténtico e inequívoco sino distintivo das nosas relacións xurídicas cotiás e da nosa propia idiosincrasia.

⁶⁶ Premonición que non é tal, habida conta do efecto inmediato que a STC 47/2004, do 25 de marzo, provocou nas Cortes de Aragón, pois xa na súa sesión celebrada na data do 13 de maio de 2004 admitiron a trámite a Proposición non de lei núm. 63/04 pola que se promovía a regulación da casación foral aragonesa (*BOC Aragón* de 13 de maio de 2004). Desta posible repercusión ao resto de comunidades autónomas fíxose tamén eco BUSTO LAGO, J.M.: "Ámbito de la competencia de los Tribunales Superiores de Justicia...", cit., páx. 142.

⁶⁷ De acordo con RODRÍGUEZ MONTERO, R.P. ("El Derecho civil en Galicia...", cit., páx. 33), "o lexislador galego deberá regular aqueles usos e costumes certos e realmente existentes e suprimir, coa conseguinte eliminación da lexislación civil galega por innecesarias -sen esquecelas, iso si, na súa conciencia histórica-, todas aquelas outras figuras que aparezan como meros vestixios do pasado, "y que no se encuentren acordes con los tiempos que corren".

Así mesmo, tamén considero de interese, co manifestado polo autor (ob. cit., páx. 35), a creación por parte do poder público galego dun *Instituto de Estudos Xurídicos Galegos*, a través do cal se procedese con carácter xeral e de maneira centralizada a fomentar, desenvolver e potenciar o estudo de todas as posibles cuestións relativas ao dereito da nosa comunidade, tanto na súa vertente pública coma privada, histórica e actual. Con todo, a diferenza do sinalado por RODRÍGUEZ MONTERO, desde o meu punto de vista o dito Instituto non debería ser só de ámbito universitario senón que se debería integrar todo o pensamento vertido ao respecto desde os distintos sectores xurídicos galegos (avogacía, adxudicación, ámbito notarial, etc.).

BIBLIOGRAFÍA

ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN e ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS DE GALICIA, *Libro del I Congreso de Derecho Gallego*, que tivo lugar na Coruña, do 23 ao 28 de outubro de 1972, editado pola Comisión executiva do dito Congreso, A Coruña, 1974.

- "II Congreso de Derecho Gallego", *Foro Galego*, núm. 182 (número monográfico sobre o II Congreso de dereito galego, que tivo lugar na Coruña, do 25 ao 29 de xuño de 1985), A Coruña, 1986.

- *Libro del III Congreso de Derecho Gallego, Foro Galego*, núms. 191-192 (número monográfico sobre o III Congreso de dereito galego, que tivo lugar na Coruña, do 27 ao 29 de novembro de 2002), A Coruña, 2003.

AGUILERA e ARJONA, A.: *Galicia. Derecho consuetudinario*, Editorial F. Beltrán, Madrid, 1916.

BELLO JANEIRO, D.: *El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma Gallega: la Ley 4/1995, de 24 de mayo*, Montecorvo, Madrid, 1999.

- *Los pactos sucesorios en el Derecho civil de Galicia*, Montecorvo, Madrid, 2001.

- "El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma gallega", *La Ley de Derecho Civil de Galicia: balance de un lustro y análisis de su revisión*, RODRÍGUEZ MONTERO, R.P. (coord.), Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 2002, páxs. 37 á 60.

- "Ámbito de la competencia de los tribunales superiores en materia de derecho civil: las peculiaridades del caso gallego", *Anuario de la Facultad de Derecho*, Universidade da Coruña, núm. 8, 2004, páxs. 141 á 165.

- "El recurso de casación en materia de Derecho civil de Galicia", *Derecho y Administraciones de Justicia*, núm. 5, maio 2004.

BERAMENDI, J.G.: *Alfredo Brañas no rexionalismo galego*, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1998.

BRÁÑAS, A.: "El regionalismo gallego", *La Patria Gallega*, núm. 1, 30-III, páxs. 1 á 3.

- "El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario", *Obras completas de Alfredo Brañas*, vol. II, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1999, páxs. 341 á 400.

BUSTO LAGO, J.M.: "Las competencias legislativas de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de Derecho civil", *Revista Xurídica Galega*, núm. 35, 2º trimestre 2002, páxs. 13 á 64.

- "Ámbito de la competencia de los Tribunales Superiores de Justicia en materia de Derecho civil: especialidades en la regulación autonómica del recurso de casación en materia de Derecho civil propio de Galicia (A propósito de la STC 47/2004, de 25 de marzo)", *Derecho Privado y Constitución*, núm. 18, 2004, páxs. 89 á 142.

COMISIÓN SUPERIOR PARA O ESTUDIO DO DESENVOLVEMENTO DO DEREITO CIVIL GALEGO: "Documento inicial para a posible actualización da Lei de dereito civil de Galicia", *Revista Xurídica Galega*, núm. 35, 2º trimestre, 2002, páxs. 347 á 404.

DÍAZ FUENTES, A.: "Los montes vecinales en mano común en la legislación civil gallega", *La Ley de Derecho Civil de Galicia: balance de un lustro y análisis de su revisión*, RODRÍGUEZ MONTERO, R.P. (coord.), Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 2002, páxs. 61 á 83.

- "Los pactos sucesorios en el Derecho civil de Galicia", relatorio presentado ás xornadas sobre *Derecho sucesorio gallego*, organizadas polo Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, os días 23 e 24 de outubro de 2003.

DOMINGO DE LA CRUZ, Mª.: "El recurso de casación y el recurso extraordinario por infracción procesal: régimen actual y posición jurisprudencial", *La Ley*, núm. 6071, 28 de xullo de 2004.

FUENMAYOR CHAMPÍN, A. DE: Voz "Derecho civil de Galicia", *Nueva Enciclopedia Jurídica*, tomo I, Editorial F. Seix, S.A., Barcelona, 1951, páxs. 242 e seguintes.

GARCÍA CARIDAD, J.A., *Encontros sobor da casación no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, A Coruña, 1990.

GARCÍA RAMOS, D.: "A compañía familiar galega na vixente Lei de dereito civil de Galicia", *Derecho Civil Gallego*, REBOLLEDO VARELA, Á.L., RODRÍGUEZ MONTERO, R., y LORENZO MERINO, F. (coords.), Consello Xeral do Poder Xudicial - Xunta de Galicia, Madrid, 1996, páxs. 217 á 256.

GARCÍA RUBIO, M^a.P.: "Las fundaciones de interés gallego", *Manual de Derecho civil gallego*, Colex, Madrid, 1999, páxs. 61 á 75.

LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado autonómico. Orden competencial y Administración de Justicia en el Estado compuesto de la Constitución Española de 1978*, Civitas, Madrid, 1995.

LORENZO FILGUEIRA, V.: *Realidad e hipótesis de futuro del Derecho foral de Galicia*, Concello de Pontevedra, Vigo, 1986.

LORENZO MERINO, F.J.: "La Constitución de 1978 y su incidencia en el Derecho Civil de Galicia. La nueva legislación civil sectorial", *Revista Xurídica Galega*, núm. 3, 1^o cuadrimestre 1993, páxs. 7 á 10.

NIEVA FENOLL, J.: "El recurso de casación ante el T.S.J. de Galicia, tras la L.E.C. 1/2000" (1^a parte), *Revista Xurídica Galega*, núm. 33, 4^o trimestre 2001, páxs. 13 á 49.

- "El recurso de casación ante el T.S.J. de Galicia, tras la L.E.C. 1/2000" (2^a parte), *Revista Xurídica Galega*, núm. 34, 1^o trimestre 2002, páxs. 13 á 53.

NOGUEIRA ROMERO, S.: "Reflexiones acerca de la Ley sobre el recurso de casación civil de Galicia", *Revista Xurídica Galega*, núm. 4, 2^o cuadrimestre 1993, páxs. 319 á 334.

- "Todavía sobre la casación foral gallega", *Foro Galego*, núm. 194, 1^o semestre 2005, páxs. 97 á 121.

O'CALLAGHAN MUÑOZ, X.: "El recurso de casación (en la LEC del 2000 y en la Disposición Final 16^a)", *La Ley*, núm. 5462, 17 de xaneiro de 2002.

PARDO GATO, J.R.: "O contrato de vitalicio (dende a comunicación de Amando Losada no I Congreso de Dereito Galego ata os nosos días)" -traballo galardado co premio xurídico *Amando Losada*, II edición, segundo acordo do Consello da Avogacía Galega do 28 de abril de 2004, patrocinado conxuntamente coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia-, publicado na *Revista Xurídica Galega*, núm. 41, 4^o trimestre 2003, páxs. 13 á 45; e en *Foro Galego*, núm. 194, 1^o semestre 2005, páxs.123 á 161.

- "O recurso de casación en materia de Dereito civil galego (A propósito da STC 47/2004, do 25 de marzo)" -traballo galardado co premio *Otrosí Vigo*, III edición (ano 2004), concedido polo Ilustre Colexio de Avogados de Vigo na reunión do Xurado do 21 de xaneiro de 2005-, *Otrosí Vigo*, núm. 51, marzo-abril 2005, páxs. 18 á 23.

PENA LÓPEZ, J.M^a.: "La prueba de la costumbre en nuestro Ordenamiento jurídico", *Estudios Jurídicos en Homenaje al Profesor Díez-Picazo*, tomo I, Civitas, Madrid, 2003, especialmente as páxs. 749 á 754.

PÉREZ ÁLVAREZ, M.Á.: "La sucesión testada", *Manual de Derecho civil gallego*, Colex, Madrid, 1999, páxs. 223 á 232.

PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J.: "La competencia estatal en materia de legislación procesal a la luz de la doctrina acogida en la STC (Pleno) 47/2004, de 29 de marzo de 2004 (EDJ 2004/10849)", *Foro Galego*, núm. 194, 1^o semestre, páxs. 73 á 95.

POCH PALTRÉ, J.L. e GUI MORI, T.: "Recurso de casación civil: comentario al voto particular contenido en la sentencia 46/2004, de 23 de marzo, de la Sala Primera del Tribunal Constitucional", *La Ley*, 2004-3, páxs. 1774 á 1777.

PULIDO QUECEDO, M.: "Casación civil autonómica", *Actualidad Jurídica Aranzadi*, núm. 625, 27 de maio de 2004, páxs. 6 e 7.

- "A vueltas con las funciones casacionales de los Tribunales Superiores de Justicia", *Repertorio Aranzadi del Tribunal Constitucional*, núm. 5/2004, "Tribuna".

REBOLLEDO VARELA, Á.L.: "El desarrollo del Derecho civil gallego", *La modernización del Derecho civil*, BELLO JANEIRO, D. (ed.), Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1994, páxs. 175 á 194.

- *Los derechos reales en la Ley 4/1995, de 24 de mayo, de Derecho civil de Galicia (Montes vecinales en mano común, aguas, servidumbre de paso y servientía)*, Editorial Revista Xurídica Galega, Pontevedra, 1999.

- "El Derecho civil de Galicia", *Derechos civiles de España*, vol. IV, II parte, BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. e MARTÍNEZ-SIMANCAS (dirs.), 1^o ed., Madrid, marzo 2000, pág. 1702 e seguintes.

RISCO, V.: *Teoría do nacionalismo galego*, Imp. de La Región, Ourense, 1920; obra tamén publicada nunha edición homenaxe polo Centro Galego de Buenos Aires (Cincuentenario da Fundación das Irmandades da Fala), 1966; e na edición crítica de BERAMENDI, J.G., Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2000.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *Sempre en Galiza*, 3ª ed., Akal Editor, Madrid, 1977, páxs. 126 á 129.

RODRÍGUEZ MONTERO, R.P.: "El Derecho civil en Galicia, la Ley de Derecho Civil de Galicia y el futuro Derecho civil de Galicia: apuntes, ideas y sugerencias", *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance de un lustro y análisis de su revisión*, libro colectivo do que foi coordinador, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 2002, páxs. 9 á 35.

- "Panorama del derecho de personas y familia en el Derecho civil de Galicia (1)", *La Ley Galicia*, suplemento de xullo de 2003.

SANDE GARCÍA, P.A.: "Fixación legal das competencias estatutarias en materia de Dereito Civil de Galicia e de fundacións de interese galego", *Estudios sobre o Estatuto Galego*, Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela, 1991, páxs. 537 á 540.

- "O dereito civil de Galicia: unha actualización imposible á luz da historia", *La modernización del Derecho civil*, BELLO JANEIRO, D. (ed.), Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1994, páxs. 147 á 173.

- "Intrahistoria dunha lei galega acollida polo Constitucional" (en prensa), *La Voz de Galicia*, 16 de abril de 2004 (sección Tribuna), páx. 11.

SEOANE IGLESIAS, J.: "Usos y costumbres propios del Derecho civil de Galicia en las decisiones judiciales", *Foro Galego*, núms. 191-192, 2003 (núm. monográfico onde se recolle o *Libro del III Congreso de Derecho Gallego*), páxs. 75 á 105.

VILLAGÓMEZ RODIL, A.: "Normas procesales del derecho civil de Galicia contenidas en la Ley de 24 de mayo de 1995", *Revista Xurídica Galega*, núm. 15, 1º cuatrimestre 1997, páxs. 25 á 31.